CONCELLO D ORO SO

TrOita

Nº 25 Boletin Informativo do Concello de Oroso Abril 2015

Oroso vístese de gala

Chega o mes de abril e, con el, chegan tamén as galas organizadas polo Concello: Día da Xuventude, II Gala da Cultura e II Gala Solidaria, que tan boa acollida tiveron o ano pasado. Comezamos este mesmo xoves 2 de abril coa celebración do **Día da Xuventude**. A alameda de Góis acollerá, a partir das 22:00 horas, as actuacións da orquestra Olympus e do grupo Funçao Pública, que xa acadaron un gran éxito o ano pasado. Haberá pulpeira e carpa.

Oito días despois, o venres 10 de abril será a gran festa da cultura de Oroso. A **II Gala da Cultura** recoñecerá o traballo de persoas, entidades, asociacións e empresas que destaquen no seu apoio á cultura en Oroso e que foron propostas pola propia veciñanza do municipio. A gala incluirá tamén a apertura ao público da tradicional exposición

cos traballos realizados polos obradoiros culturais.

E para o sábado 18 de abril queda a II Gala Solidaria a favor das familias desfavorecidas do municipio. A alameda de Góis acollerá as actuacións de grupos musicais,



orquestras, humoristas, bailaríns, veciños... que buscarán animar á veciñanza de Oroso a achegar alimentos non perecedoiros e produtos de limpeza e de hixiene para as familias máis desfavorecidas. O ano pasado recolléronse 1.500 quilos!!!

Axenda: Abril

2 Día da Xuventude. Ás 22:00 horas. Olympus e Funçao Pública.

7 - Martes saudables: manexo do estrés e da ansiedade
- Seminario: enfoques metodolóxicos para a xestión de proxectos
- Club de lectura adultos.

10 Gala da Cultura. Centro cultural, ás 20:00 horas. Inclúe mostra de obradoiros

11 - **Día dos Maiores**
- VI Concurso de Tapa en Tapa
- Contacontos

12 VI Concurso de Tapa en Tapa

14 - Club de lectura adultos. Infórmate no centro cultural.

15 Seminario: Alimentación na infancia. Na gardería da Ulloa.

18 - Gala Solidaria
- VI Concurso de Tapa en Tapa
- Contacontos

19 Último día do VI Concurso de Tapa en Tapa

21 - Club de lectura adultos. Martes de 19 a 21 h.

24 - Torneo Amigable de Fútbol Sala
- A Rebotica dos contos

25 - III Carreira Pedestre Concello de Oroso
- Contacontos
- Baile de maiores

28 Club de lectura para adultos

ABRIL 10-19

Comeza a busca das mellores tapas de Oroso

O Concello de Oroso convoca a sexta edición do Concurso de Tapas, que contará este ano coa participación de dezaseis establecementos e que se celebrará en Oroso o 11, 12 18 e 19 de abril. Durante eses catro días, centos de persoas se achegarán ata Oroso para degustar totalmente de balde coas súas consumicións unha tapa, tradicional ou creativa. As degustacións terán lugar en horario de 12:00 a 15:00 horas e de 19:00 a 22:00 horas. Os clientes recibirán un boletín de votación para elixir a súa tapa favorita. Para que o seu voto sexa válido e poda participar no sorteo de agasallos, deberá contar con 6 selos doutros tantos establecementos, dos que cando menos 1 deberá ser de fóra de Sigüeiro. **Consulta as bases aquí**.

ABRIL 13

Conmemoración do aniversario da Batalla de Sigüeiro

Oroso quere por no seu almanaque da historia o 13 de abril de 1846, unha data na que as augas do Tambre se tinxiron da cor vermella do sangue de persoas que loitaron pola xustiza e a dignidade do noso país e que merecen ser lembradas. Ese día tivo lugar a chamada Batalla de Sigüeiro entre o exército progresista e o exército conservador mandado desde Madrid. Según documentos da época, hai un cento de vítimas e os dous bandos retíranse de Sigüeiro en dirección a Compostela. Para máis información sobre a Batalla, hai un tríptico editado polo Concello que se pode recoller de balde na Biblioteca Municipal.

MAIO ATA 3

Convocatoria de subvencións a entidades cidadáns de Oroso

O Concello de Oroso vén de **convocar as axudas municipais** para asociacións veciñais, culturais e deportivas que desenvolven as súas actividades e servizos no municipio orosán. Unhas asociacións e colectivos que deben estar debidamente legalizados e inscritos no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Oroso.

As axudas deberán solicitarse antes do vindeiro 3 de maio. As subvencións repartiranse en catro grandes áreas: deportes, participación cidadá, educación e Protección Civil. O ano pasado concedéranse un total de 53.100 euros nesta mesma convocatoria.

A nova gardería de Oroso entrará en servizo en setembro

O alcalde Manuel Mirás e a conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, veñen de visitar a escola infantil **"Chousa nova"**, que abrirá as súas portas o próximo curso 2015-2016. A nova escola infantil ten tres unidades, cun total de 41 prazas de 0 a 3 anos e vén a complementar a actual gardería da Ulloa, que dispón de 61 prazas. O alcalde destacou que "despois da entrada en funcionamento do novo colexio e coa construción desta nova gardería podemos dicir que as necesidades educativas dos nosos nenos e nenas en Oroso están cubertas". En total, a obra supuxo un investimento próximo aos 450.000 euros, dos que 164.000 foron achegados polo Concello de Oroso e os restantes 286.000 euros foron financiados pola Xunta de Galicia e polo Ministerio de Educación, de acordo ao establecido no **Plan Educa3** asinado en 2011.

Recoñecemento á reciclaxe en Oroso

Oroso vén de conseguir o mellor resultado en **reciclaxe de envases lixeiros** que tivo nunca nun municipio o Grupo Soil, adxudicataria do servizo de recollida selectiva. O 90,42% dos materiais estaban correctamente separados no contedor amarelo, tal e como confirmou Ecoembes. O concelleiro de Medio Ambiente, Pepe Castro, felicita aos veciños pola súa sensibilidade coa nosa contorna.

ABRIL 25

III Carreira Pedestre: a polo desafío do milleiro de atletas

Coa chegada do mes de abril chega unha proba que está a facerse un importante oco no calendario do atletismo galego: a Carreira Pedestre "Concello de Oroso", que este ano celebra a súa terceira edición. Se na primeira edición participaron 700 atletas e na do ano pasado se acadaron os 900, o desafío deste ano é superar o milleiro de participantes. Para iso, o Concello ten preparado para o próximo 25 de abril un atractivo circuito urbano e rural para os corredores e con probas para todas as categorías.

Como en anos anteriores, as inscricións poderán formalizarse a través das web: www.carreirasgalegas.com e www.fgatletismo.es/santiago **antes do 22 de abril**. As anotacións nas categorías escolares son de balde, mentres que para o resto o prezo será de 5 euros. A saída e chegada de cada proba farase na rúa Camiño Inglés (a carón da casa do Concello) e o circuíto estará debidamente sinalizado, quedando prohibido estacionar ese día na zona. As probas darán comenzo as 17:30 horas e estarán baixo o control técnico do Comite Galego de Xuices da Federación Galega de Atletismo. Recibirán trofeos os 3 primeiros clasificados de cada categoría, masculinos e femininos. Non haberá trofeos para as categorías prebenxamín e pitufo, xa que todos os participantes recibirán cadansúa medalla conmemorativa.

A Aula da Xuventude organiza un torneo de fútbol sala

ABRIL 24

A Aula da Xuventude do Concello de Oroso convoca un Torneo Amigable de Fútbol Sala dirixido a mozos de entre 12 e 22 anos, que terá lugar o venres 24 de abril, en horario de 16:30 a 20:30 horas. Os participantes organizaranse en dúas categorías: de 12 a 14 anos e de 15 a 22 anos. Os partidos xogaranse nas pistas multideporte de Sigüeiro e terán unha duración de 24 minutos, divididos en duas partes de 12 minutos con 2 minutos de descanso. As regras serán as mesmas ca no fútbol sala. Os gañadores de cada categoría serán obsequiados cunha cea para todo o equipo no Restaurante Mirás, que patrocina esta iniciativa. As inscricións poden realizarse na Aula da Xuventude.

Edita e imprime:
Concello de Oroso
Telfs: **981 691 478**
981 690 903
www.concellooroso.com
info@concellooroso.com

Foi noticia...

Concello e empresas ofrecen prácticas laborais a parados/as

O alcalde Manuel Mirás asinou un convenio de colaboración con 19 empresas do municipio para que alumnos/as que se estean formando na **Aula Mentor EducaOroso** poidan tamén realizar prácticas laborais en Oroso. A iniciativa comeza a facerse como culminación do **Proxecto Reorientamos**, cuxos alumnos farán prácticas este verán.

Os Servizos Sociais municipais terán dúas prazas para maiores no centro de día de Porto Avieira

O alcalde Manuel Mirás e o director do centro de día Porto Avieira, Francisco García, acordaron que o Concello terá **2 prazas** a xornada completa (ou 4 a media xornada) nese centro. Non supoñen gasto nin para o Concello nin para o usuario e estarán a disposición dos maiores de 60 anos que cumpran cos requisitos fixados polos Servizos Sociais.

O concelleiro de Ensino, Antonio Leira, entregoulles a 52 rapaces e rapazas do IES de Oroso os seus diplomas polo obradoiro de introducción ao coaching, que cursaron en setembro de 2014

Cristian Blanco, de Protección Civil de Oroso, gañou o V **Concurso de Fotografía** Muller Traballadora. José Luís Antelo Míguez, de Sigüeiro, foi segundo e o amiense Fernando Román, terceiro. Parabéns!

O historiador Manolo Pazos, veciño de Marzoa, presentou en Sigüeiro o seu último libro: **"A República da Berxa"**, sobre a figura de Antonio Gómez Carneiro e pola que está a obter moitos parabéns. Noraboa!

O Concello asina convenios de colaboración coas asociacións culturais e deportivas de Oroso

O alcalde Manuel Mirás, acompañado polos concelleiros de Cultura, Antonio Leira; e Deportes, Luís Rey, asinou convenios de colaboración coas asociacións **culturais** e **deportivas** do municipio. O obxectivo é profundizar na colaboración entre ambas partes. Isto tradúcese, por exemplo, en que o Concello lle cede o centro cultural a Buxos Verdes para que imparta clases de baile tradicional; ou que haberá máis pasarrúas da próxima Festa da Troita, coa incorporación da asociación Amigos do Acordeón.